

PROGRAMACIÓN ANUAL BIBLIOTECA

IES DO CASTRO

CURSO

2012-2013

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

BIBLIOTECA

IES DO CASTRO

CURSO

2012-2013

1- Organización e xestión :

Como liñas prioritarias na organización e xestión da biblioteca escolar no vindeiro curso 2012-2013 pretendemos:

- Seguir a manter un equipo de biblioteca estable que permita unha mellor organización e xestión da mesma . Neste equipo haberá como mínimo un responsable de cada unha das áreas. O equipo constituirase en grupo de traballo.
- Un responsable de biblioteca con destino definitivo, cun horario suficiente que permita a realización das tarefas de xestión, organización e dinamización da biblioteca e os seus recursos.
- Seguir a xestionar dende a unidade central da biblioteca todos os recursos materiais e poñelos ao servizo de toda a comunidade educativa, e así facilitar o ensino-aprendizaxe (fondos biblioteca, departamentos, bibliotecas de aula).
- Programa Meiga para a xestión dos fondos,e a optimización dos recursos que o programa ofrece.
- Expurgo de materiais para actualizar os fondos e ofrecer unha variada gama de materiais e recursos documentais variados e actualizados.
- Seguir a impulsar as TICS dende a biblioteca.
- Mellorar as condicións de recursos da biblioteca ampliando os servizos que ofrece.

2- Dinamización e promoción de recursos, á súa integración no tratamento do currículo e contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- Seguir coa dinamización da biblioteca a través das diversas actividades relacionadas coa difusión de fondos e o fomento da lectura : exposicións de libros, cómics, xornais, concursos, celebración de efemérides sinaladas, encontros con escritores, lecturas de libros, concursos literarios e de búsqueda de información...).
- Dinamización da páxina web na sección da biblioteca e blog da biblioteca e blog do Club de Lectura.
- Divulgación dos recursos da biblioteca a toda a comunidade educativa a través da publicación de guías de lectura, guías de novidades, e a través da web e blogues da biblioteca.
- Integrar a biblioteca no proceso de ensino-aprendizaxe co fin de acadar as competencias básicas: Aprender a aprender a través da lectura , desenvolver a competencia lingüística , tratar a información e desenvolver a competencia dixital , a través da educación documental e a alfabetización informacional, có fin de transformar esa información en coñecemento.

3- Formación de usuarios e educación para o acceso á información (educación documental)

- Continuar coa formación de usuarios , establecendo sesións de formación cos diferentes grupos, co fin de formar usuarios de biblioteca autónomos. Educación documental facilitando ao alumnado o acceso a información, establecendo sesión para ensinar o acceso a información, tratar esa información e comunicala, desenrolando así as competencias básicas do currículo-
- Colaborar co profesorado para que poidan levar a cabo a HORA de LER, tanto na aula como na biblioteca.
- Colaborar cu responsable do 1º curso da ESO na búsqueda de información , selección e elaboración do Proxecto interdisciplinar.É intención do equipo de biblioteca solicitar do Equipo Directivo as horas do PIN de1º ESO para ser impartidas polos membros da biblioteca.
- Colaborar co profesorado e alumnado do BI para a posta en marcha dos seus traballos monográficos, facilitándolles a relación de fondos bibliográficos impresos e dixitais, necesarios para a elaboración dos mesmos, e facilitarlles o acceso a eles sempre cando o así o soliciten.
- Colaborar coa coordinadora CAS para promover entre o alumnado CAS , a participación activa na biblioteca, como parte integrante do seu proxecto CAS.

4- Fomento da lectura e Proxecto Lector de Centro

É preciso insistir na obriga de conseguir unha decisión unánime do claustro para implantar a Hora de Ler, conseguindo unha implicación de todas as áreas coa elaboración de itinerarios lectores. Seguir colaborando co Club de Lectura para que o número de participantes siga incrementándose entre todos os membros da comunidade educativa. É preciso do mesmo xeito dar forma escrita ao Proxecto Lector de Centro.

5- Outras actuacións:

- Seguir actuando dende a biblioteca para facilitar ao alumnado, que polas súas circunstancias persoais, pólá careza de espazo de estudio, o por falta de acceso aos fondos por necesidades de un estudio dirixido teña un lugar axeitado para poder facelo. Actuaremos así para favorecer a posibilidade dun acceso igualitario a información. (educación compensatoria).Apertura da biblioteca as tardes fóra de horario lectivo.
- Intentar conseguir unha biblioteca aberta non só para a comunidade educativa senón tamén para o barrio.

6- Criterios e procedementos de avaliación

- Análise e valoración da situación de partida
- Axustar as liñas de actuación as nosas necesidades.
- Efectividade e posibilidade de reflexión no equipo de biblioteca..
- Expectativas, tanto na práctica pedagóxica como na organizativa e de funcionamento da biblioteca.
- Constatar a mellora no uso da biblioteca como recurso para a aprendizaxe por parte do alumnado e de toda a comunidade educativa.
- Conseguir unha liña común no centro que teña continuidade/profundización en cursos vindeiros.
- Valorar a eficacia da xestión e dos recursos.
- Valorar a eficacia da dinamización, formación de usuarios y educación documental dada ao alumnado .
- Utilizar metodoloxía e recursos idóneos e comprobar a súa efectividade e repercusión no funcionamento da biblioteca .
- Valorar a repercusión das liñas de actuación de feito efectivo e axeitado ás nosas expectativas.

O equipo de biblioteca como grupo de traballo formarase para un mellor aproveitamento da xestión e reunirase con periodicidade para valorar a efectividade do seu traballo e chegado o caso cambiar as liñas de actuación para conseguir unha repercusión positiva da utilización da biblioteca no proceso de ensino- aprendizaxe

PROGRAMACIÓN POR TRIMESTRES.

1º TRIMESTRE

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

- Actividades Exposición das novidades bibliográficas do mes.
- Celebración do Samaín.
- Concurso Literario “ Cántame un Conto de medo”
- Actividades sobre Dereitos Humanos. Elaboración de web quest.

EDUCACIÓN DOCUMENTAL E FORMACIÓN DE USUARIOS

- Presentacións iniciais e inaugurais do curso a todos os grupos en distintas sesións
- 1º da ESO educación documental e colaboración no PIN.
- Cursos da ESO 1ª 2ª sesión en formación de usuarios.
- Presentación de biblioteca ao alumnado de nova incorporación.

2º TRIMESTRE

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

- Exposicións de novidades bibliográficas e cinematográficas
- Conmemoración do Día da Paz (30 de xaneiro)
- Conmemoración do Día da Muller traballadora (8 de marzo)
- Conmemoración Semana da prensa : exposición de .xornais.

BIBLIOTECA IES DO CASTRO

- Concurso Debuxa a portada do teu libro favorito “

3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

- Conmemoración do Día do libro (23 de abril). Semana do libro
- Conmemoración das Letras Galegas
- Quincena da Poesía do IES do Castro
- Día Mundial do Medio Ambiente.
- Concurso banda deseñado

A biblioteca mantendrá durante o presente curso a Club de lectura co fin de potenciar o fomento da lectura entre os distintos membros da comunidade educativa.

A biblioteca colaborará ao longo do curso coas distintas actividades que realizen os Departamentos Didácticos.

A Coordinadora da biblioteca

Vigo 14 de setembro 2012

Carmen Vilariño Agras

ACTIVIDADES 2011-2012





BIBLIOTECA IES DO CASTRO



BIBLIOTECA IES DO CASTRO

BIBLIOTECA IES DO CASTRO